



Guía Docente

| Datos Identificativos | | | | | 2023/24 |
|-----------------------|--|--------------------|---------------|-----------|---------|
| Asignatura (*) | Idioma Moderno 2: Francés | | Código | 613G03029 | |
| Titulación | Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios | | | | |
| Descritores | | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos | |
| Grao | 1º cuatrimestre | Terceiro | Optativa | 4.5 | |
| Idioma | Francés | | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | | |
| Prerrequisitos | | | | | |
| Departamento | Letras | | | | |
| Coordinación | Luís Gamallo, María Obdulía | Correo electrónico | m.luis@udc.es | | |
| Profesorado | Luís Gamallo, María Obdulía | Correo electrónico | m.luis@udc.es | | |
| Web | | | | | |
| Descrición xeral | <p>A materia ofrece formación teórica e práctica na descrición e uso da lingua francesa, de maneira a garantir un dominio práctico da mesma.</p> <p>Estudiaranse os principais aspectos fonéticos, gramaticais, léxicos e funcionais da lingua francesa, exercitados a través da práctica harmónica das 4 principais destrezas comunicativas (comprensión lectora e oral, produción escrita e oral).</p> <p>Unha vez cubertos os contidos da materia, o alumnado deberá conseguir consolidar as competencias do nivel A2+ (usuario básico, grao elevado do nivel plataforma), segundo o especificado no Marco común europeo de referencia para as linguas do Consello de Europa.</p> <p>Estimularase a autonomía do alumnado e a súa capacidade de ser responsable no proceso de ensino-aprendizaxe.</p> | | | | |

Competencias / Resultados do título

| Código | Competencias / Resultados do título |
|--------|---|
| A8 | Ter dominio instrumental oral e escrito dunha segunda lingua estranxeira. |
| A10 | Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións. |
| A15 | Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica. |
| B1 | Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información. |
| B3 | Adquirir capacidade de autoformación. |
| B4 | Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno. |
| B5 | Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas. |
| B6 | Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva. |
| B7 | Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico. |
| B8 | Apreciar a diversidade. |

Resultados da aprendizaxe

| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
|--|-------------------------------------|----|--|
| Comprender os puntos esenciais dun discurso oral cando se utiliza unha lingua clara e estándar e cando se tratan asuntos cotiás, de actualidade ou de carácter xeral, ou temas de interese persoal ou académico. | A8 | B8 | |
| | A15 | | |
| Buscar información específica e comprender textos sinxelos redactados nunha lingua estándar. | A8 | B1 | |
| | A15 | B3 | |
| | | B4 | |
| | | B8 | |
| Comprender a descrición de acontecementos, a expresión de sentimentos e desexos en cartas persoais. | A8 | B3 | |
| | A15 | B4 | |
| | | B5 | |
| | | B8 | |



| | | |
|--|------------------|--|
| Facer fronte á maioría das situacións cotiás que implicaría a estancia nun país francófono. | A8 A10 A15 | B1 B3 B4 B6 B8 |
| Participar espontaneamente (isto é, sen preparación previa) nunha conversa sobre asuntos cotiás, de actualidade ou de carácter xeral, ou sobre temas de interese persoal ou académico. | A8 A10 A15 | B1 B4 B5 B8 |
| Expresar de maneira sinxela mais cohesionada experiencias, desexos, opinións, proxectos... e dar razóns e explicacións sobre eles. | A8 A10 | B1 B3 B5 B6 B7 B8 |
| Referir unha historia, ou o argumento dunha película, dun libro... e expresar ao respecto reaccións persoais. | A8 A10 A15 | B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8 |
| Escribir un texto sinxelo e coherente (breves ensaios, cartas, correos electrónicos...) sobre temas de interese académico ou persoal, describindo experiencias e opinións. | A8 A10 A15 | B1 B3 B6 B7 B8 |

| Contidos | |
|--------------|---|
| Temas | Subtemas |
| A. Gramática | <ol style="list-style-type: none"> O verbo. Os tempos simples e compostos (indicativo, condicional, imperativo). A conjugación pronominal. A negación das formas verbais. Uso dos auxiliares e casos xerais de concordancia do participio co suxeito e co complemento directo. A interrogación e a negación. Comparativos e superlativos. Os pronomes persoais: o pronome "on"; os pronomes tónicos; os pronomes complemento directo e indirecto; os pronomes "en",, "y",. Colocación e orde. Os pronomes relativos "qui",, "que",, "où",, "lequel",, "dont". Os adxectivos e os pronomes demostrativos. Uso dos pronomes coa preposición "de" e cos pronomes relativos. A expresión da condición e da hipótese con "si". O subxuntivo. As subordinadas completivas. Tempos e modos verbais. |



| | |
|-----------------------------|--|
| B. Obxectivos comunicativos | <ol style="list-style-type: none"> 1. Describir persoas, obxectos, lugares. 2. Expresar, comparar e opor cualidades, cantidades e feitos. 3. Narrar experiencias. 4. As relacións sociais: convencións e comportamentos en contextos formais e informais. 5. Expresar opinións e sentimentos. 6. Expresar gustos e preferencias (e contrarios). Aprobar e rexeitar. 7. Facer propostas e suxestións. Reaccionar ante suxestións. 8. Facer proxectos e hipóteses. |
| C. Léxico | <ol style="list-style-type: none"> 1. A vivenda, o fogar, o contorno. 2. Viaxes e transportes públicos e privados. 3. A natureza e o medio ambiente. 4. A moda. 5. Alimentación e gastronomía. 6. Os obxectos: formas, materias, texturas, cores. 7. O corpo, a saúde e os cuidados físicos. 8. Ecofeminismo. |

| Planificación | | | | |
|------------------------|---------------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Actividades iniciais | A8 B1 B3 B4 B5 B8 | 2 | 2 | 4 |
| Discusión dirixida | A8 A10 B1 B3 B6 B7 B8 | 10 | 20 | 30 |
| Lecturas | A8 A10 A15 B3 B5 B6 B7 B8 | 3 | 6 | 9 |
| Proba obxectiva | A8 A10 A15 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8 | 2 | 11 | 13 |
| Proba oral | A8 B3 B4 B7 | 1 | 5 | 6 |
| Sesión maxistral | A8 A10 A15 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8 | 7 | 19 | 26 |
| Solución de problemas | A8 A10 A15 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8 | 10 | 10 | 20 |
| Atención personalizada | | 4.5 | 0 | 4.5 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|----------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Actividades iniciais | Primeira toma de contacto coa materia, na que se desenvolven actividades destinadas a obter información relevante sobre o alumnado e sobre as súas competencias de partida en lingua francesa, co fin de articular a docencia de xeito que se favorezan aprendizaxes eficaces e significativas, que partan dos saberes previos e intereses do alumnado. |
| Discusión dirixida | <p>Nesta materia chámase discusión dirixida as aulas e actividades relacionadas coa práctica das destrezas orais (expresión oral, comprensión oral e interacción oral). Estas actividades lévanse a cabo en grupos pequenos e están a cargo da profesora lectora. A maioría destas aulas terán lugar na aula de idiomas.</p> <p>MOI IMPORTANTE: a realización e o aproveitamento destas actividades é fundamental nesta materia, pois é nelas onde se aplican efectivamente as destrezas e os coñecementos adquiridos. Ademais das actividades que se leven a cabo durante as clases, normalmente por cada sesión presencial de clase o alumnado deberá realizar unha actividade (exercicio de gramática, redacción, resumo, tradución?).</p> <p>Estas actividades teñen asignada unha porcentaxe moi importante da nota final da materia (ver apartado Avaliación).</p> |



| | |
|-----------------------|---|
| Lecturas | Ademáis da lectura de textos (literarios, de revistas, de xornais...) nesta materia entendemos por lecturas, todo o material que o alumnado deberá ler/consultar fóra da aula para a adquisición e asimilación dos contidos e para a realización das actividades da materia. |
| Proba obxectiva | Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe. Permitirá avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, etc. en todas as destrezas. Esta proba obxectiva combinará distintas tipoloxías de preguntas. |
| Proba oral | Proba en que se avalían as competencias comunicativas do alumnado mediante unha pequena conversa ou entrevista individual. Os estudantes terán tamén que ler un texto en voz alta e improvisar situacións suxeridas polo-a profesor-a responsable da proba, que poderá usar textos ou material audiovisual como apoio durante a proba. |
| Sesión maxistral | Exposición por parte do profesorado dos contidos relativos a cada un dos temas e subtemas, co apoio de medios audiovisuais e documentación adicional |
| Solución de problemas | Nesta materia chámanse solución de problemas as aulas e actividades relacionadas coa gramática e coa práctica da comprensión lectora e da expresión escrita. MOI IMPORTANTE: a realización e o aproveitamento destas actividades é fundamental nesta materia, pois é nelas onde se aplican efectivamente as destrezas e os coñecementos adquiridos. Ademáis das actividades que se leven a cabo durante as clases, normalmente por cada sesión presencial de clase o alumnado deberá realizar unha actividade (exercicio de gramática, redacción, resumo, tradución?). Estas actividades teñen asignada unha porcentaxe moi importante da nota final da materia (ver apartado Avaliación). |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|--|---|
| Discusión dirixida Lecturas Proba oral Solución de problemas Proba obxectiva Sesión maxistral | A atención personalizada será unha constante nesta materia, na que prima a aplicación dos coñecementos adquiridos. O profesorado fará un seguimento particular de cada estudante, e prestará especial atención á súa adicación, ao seu interese por aprender e ao seu compromiso coa materia e co grupo. O profesorado poderá atender puntualmente e de forma individualizada aos-ás estudantes cando a actividade encomendada ou o seu desempeño así o aconsellen. Os-as estudantes poden acudir en horario de titorías e aulas ao profesorado para tratar todas as cuestións relacionadas coa materia que estimen pertinentes. Os horarios de titorías do profesorado da materia pódense consultar no taboleiro de horarios ou na páxina web da facultade. |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|-----------------------|---------------------------------|--|---------------|
| Discusión dirixida | A8 A10 B1 B3 B6 B7 B8 | PORCENTAXE NON REAL: LEA AS OBSERVACIÓNS. Nota das actividades relacionadas coas destrezas orais e o léxico | 15 |
| Lecturas | A8 A10 A15 B3 B5 B6 B7 B8 | PORCENTAXE NON REAL: LEA AS OBSERVACIÓNS. Nota das actividades relacionadas coa gramática, a expresión escrita e a comprensión lectora | 10 |
| Proba oral | A8 B3 B4 B7 | PORCENTAXE NON REAL: LEA AS OBSERVACIÓNS. Proba oral que o-a estudante realizará ao rematar o cuadrimestre. | 15 |
| Solución de problemas | A8 A10 A15 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8 | PORCENTAXE NON REAL: LEA AS OBSERVACIÓNS. Nota das actividades relacionadas coa gramática, a expresión escrita e a comprensión lectora | 10 |
| Proba obxectiva | A8 A10 A15 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8 | PORCENTAXE NON REAL: LEA AS OBSERVACIÓNS. Proba escrita que o-a estudante realizará nas datas oficiais marcadas polo centro ao rematar o cuadrimestre | 40 |



| | | | |
|------------------|------------------------------------|---|----|
| Sesión maxistral | A8 A10 A15 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8 | PORCENTAXE NON REAL: LEA AS OBSERVACIÓNS. Nota das actividades relacionadas coa gramática, a expresión escrita e a comprensión lectora | 10 |
|------------------|------------------------------------|---|----|

Observacións avaliación



A materia poderá ser adaptada ao estudiantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñíbeis na UDC/no Centro: nos prazos oficiais

estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico, coa Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>); no seu defecto, coa Titora ADI da Facultade de Filoloxía (no seguinte enderezo electrónico: pat.filoloxia@udc.gal).

O alumnado ten dúas oportunidades para superar a materia: a primeira ao remate do primeiro cuatrimestre e a segunda no mes de xullo.

1. Avaluación da primeira oportunidade:

1.1. Para superar a materia na primeira oportunidade é obrigatorio realizar e aprobar (5) a proba final escrita na que se avaliarán os contidos gramaticais, o léxico, a comprensión lectora, a expresión escrita e a comprensión auditiva.

A data, horario e ubicación da proba escrita deben ser contrastados polo alumnado na páxina web da facultade.

1.2. Será ademais obrigatorio realizar e aprobar (5) unha proba oral final na que se avaliarán a expresión, a comprensión e a interacción oral.

A profesora comunicará en Moodle coa suficiente antelación a data, hora, lugar, quendas e outras indicacións relativas á realización da proba oral.

1.3. É obrigatorio realizar ao longo do cuatrimestre un conxunto de exercicios ou tarefas de práctica de todas as destrezas e contidos da materia, organizados en dous bloques:

Bloque A ["Solución de problemas"]: actividades de práctica dos contidos gramaticais, do léxico, da expresión escrita e da comprensión lectora.

Bloque B ["Discusión dirixida"]: actividades de práctica da produción, comprensión e interacción oral (nestas actividades valóranse asimesmo a norma gramatical e o léxico).

Ademais das actividades presenciais que se realicen durante as aulas, normalmente por cada sesión presencial o alumnado deberá realizar unha tarefa non presencial.

Agás causa debidamente xustificada e sempre coa autorización previa e expresa da profesora, non se admitirán as actividades entregadas fóra do prazo determinado para cada unha delas.

Para que estas actividades poidan ser tidas en conta na cualificación final é preciso ter realizado e aprobado, antes dos exames escrito e oral da primeira oportunidade, o 80% das actividades programadas en cada bloque e obter unha nota media mínima de 5 sobre 10 en cada bloque.

1.4. Tendo en conta o anteriormente exposto, a cualificación final do alumnado responderá ao seguinte reparto porcentual:

a. Un 45% valorará o exame escrito, coas seguintes porcentaxes:



Contidos gramaticais,

léxico, expresión escrita, comprensión lectora: 35%

Comprensión auditiva: 10%

b. Un 15% valorará a proba oral.

c. Un 40% valorará as actividades de

avaliación continua organizadas en dous bloques (que deben cumprir os

requisitos do apartado 1.3), coas seguintes porcentaxes:

Bloque A: actividades de gramática, léxico, expresión

escrita e comprensión lectora: 25%

Bloque B: actividades de produción, comprensión e

interacción oral (nestas actividades valóranse asimesmo a norma gramatical e o

léxico): 15%

A materia considérase

aprobada se a suma dos apartados a, b, c é igual ou superior a 5 sobre 10.

Os contidos e destrezas

dos apartados a, b, c son recuperables, coas mesmas porcentaxes, na segunda

oportunidade de avaliación. Os apartados aprobados na primeira oportunidade

consérvanse para a segunda.

Para as implicacións da

realización fraudulenta ou irregular das probas escritas e orais e das

actividades, ver apartado 6.

2. Avaliación da segunda oportunidade:

2.1. De suspender a materia na primeira oportunidade

por non acadar a puntuación mínima na proba escrita e/ou na proba

oral, o alumnado deberá facela(s) de novo na segunda oportunidade.

A data, horario e

ubicación da proba escrita deben ser contrastados polo alumnado na páxina web

da facultade.

A data, lugar, hora e

outras indicacións para a realización do exame oral da segunda oportunidade

comunicaranse en Moodle coa suficiente antelación.

2.2. De suspender a materia na primeira oportunidade

por non acadar a puntuación mínima nas actividades dos bloques A e/ou B,

o alumnado deberá realizar para a segunda oportunidade unha serie de tarefas

sustitutivas.

A profesora fará públicas

en Moodle coa suficiente antelación as instrucións correspondentes (actividades

asignadas, datas de solicitude e entrega...).

Para as implicacións da

realización fraudulenta ou irregular das probas escritas e orais e das

actividades, ver apartado 6.

3. Na convocatoria extraordinaria de decembro

o alumnado será avaliado dos seus coñecementos e competencias nas distintas

destrezas da materia mediante unha proba escrita (nota mínima 5 sobre 10; 70%

da nota final) e unha proba oral (nota mínima 5 sobre 10; 30% da nota final).

Para as implicacións da

realización fraudulenta ou irregular da proba escrita ou oral, ver apartado 6.

4. En cada oportunidade de avaliación o alumnado

recibirá a cualificación NP de se dar simultaneamente estas dúas

situacións: non terse presentado a ningunha das probas de avaliación (escrita e



oral) e se o número de actividades presentadas for igual ou inferior ao 25% das programadas.

5. O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial con dispensa académica,

previa comunicación e acreditación documental de dita situación á profesora, pode, sen asistir ás aulas, realizar e entregar as actividades de avaliación continua programadas para a primeira oportunidade, segundo o disposto no apartado 1.3. As actividades presenciais serán substituídas por outras non presenciais equivalentes. Seranlle de aplicación as demais metodoloxías avaliáveis (proba escrita e oral) cos mesmos requisitos e características que para o resto do alumnado.

Para a avaliación da

segunda oportunidade, aplicaráselle o disposto no apartado 2.

6. Os traballos académicos (entendendo por tal todo o

material que o alumnado presente para ser obxecto de avaliación) deberán ser de elaboración

individual (agás indicación expresa da profesora) e persoal. A realización

fraudulenta ou irregular das probas e/ou de calquera das actividades de

avaliación continua implicará automaticamente a cualificación de suspenso '0' na materia na convocatoria correspondente, invalidándose as cualificacións obtidas nas distintas metodoloxías avaliáveis.

Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao

Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio así como de traballos

previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso polo

mesmo/a alumno/a. En caso de que se produza algunha destas

circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas Normas

de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de

grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña (artigo 14.4).

7. Nos casos non contemplados anteriormente

aplicarase o disposto nas "Normas de avaliación, revisión e reclamación

das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario" da UDC.

Segundo as distintas normativas que regulan as ensinanzas universitarias, cómpre incorporar a perspectiva de xénero nesta materia. Isto inclúe,

entre outras medidas, o uso dunha linguaxe non sexista, bibliografías inclusivas desde a perspectiva de xénero e o fomento da participación de todo o alumnado na clase, independentemente do seu xénero. Prestaremos especial atención en identificar e abordar os prexuízos e as actitudes sexistas.

Traballaremos activamente para cambiar este entorno e promover valores de respecto e igualdade. Os nosos esforzos centraranse na detección de casos de discriminación de xénero e na posta en marcha das accións oportunas para corrixir estes casos.



? Recóndaselle ao alumnado que lea atentamente esta guía docente: nos seus diferentes apartados atopará resposta a moitas preguntas que lle xurdan sobre a concepción, organización e obxectivos do curso. Non dubide en acudir ao profesorado para aclarar calquera cuestión ao respecto. Debe prestar especial atención aos seguintes aspectos:

? Realice puntualmente as actividades encomendadas. Os retrasos acumulados prexudican a evolución da súa aprendizaxe e o desenvolvemento progresivo de competencias, e fan que o seu aproveitamento sexa progresivamente menor; ademais, lembre que, agás causa xustificada, e sempre co acordo expreso do profesorado, non se permite a entrega de actividades fóra do prazo establecido.

? Procure observarse a si mesmo e autoavaliarse, tomando conciencia das súas carencias e dos seus avances.

? As súas exposicións ou intervencións escritas e orais deben ser adecuadas ao nivel de estudos no que se atopa e á actividade que está a desenvolver.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías